

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0JN	<i>Expediente</i> CON/11/2015	<i>Fecha</i> 08-04-16 11:57

Número 17 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á adxudicación do "Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago".

Destinatario

15078DCMG10I0JNR



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 08 de abril de 2016 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 17 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO "SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, REPOSICIÓN E NOVA IMPLANTACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL, BOLARDOS, ELEMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E BALIZAMENTO DO TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 30 de marzo de 2016, do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, nº 2016/145 de data 5.4.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Xan Duro Fernández**, concelleiro delegado de medio ambiente e convivencia, e presidente da mesa de contratación da licitación "Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art.. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0JN	<i>Expediente</i> CON/11/2015	<i>Fecha</i> 08-04-16 11:57

EXPÓN:

Primeiro: Con data 3 de marzo de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ACEINSA MOVILIDAD SA.

Segundo: Con data 22 de marzo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas seguintes empresas e polos motivos que, así mesmo, se sinalan:

. UTE URBASER, SA/ LICUAS S.A: incumpre o artigo 12 do prego técnico ó indicar no apartado de marcas viarias que van a dispoñer de equipos de persoal e medios para comezar os traballos no prazo de doce horas cando deberían ser dúas horas.

Así mesmo, tamén indican que o equipo de balizamento, bolardos e reductores de velocidade estará formado por dous oficiais de 2ª, cando o prego no seu apartado 12 esixe que sexan oficiais de 1ª.

. HERBIPLAST SL: Incumpre os artigos 1.8, 5, 6, 12 e 15 do prego técnico, xa que, en canto á programación dos traballos, se comprometen á realización deles coa consideración de urxentes, no prazo máximo de 24h. e o resto do mesmos no prazo máximo de sete días, considerando como iniciación dos traballos o primeiro día laborable da semana seguinte á comunicación por parte da oficina técnica do Concello, propoñendo como día de recollida dos partes de realización dos traballos os venres de cada semana, para comezar os traballos o luns e optimizar os recursos e medios da empresa, garantindo que as actuacións de extrema urxencia se responderán nun prazo menor de dúas horas, as 24 h. do día os 365 días do ano.

. INDUSTRIAS SALUDES SAU: incumpre o artigo 12 do prego técnico ó indicar que para realizar os traballos de sinalización horizontal e vertical, dispoñerán durante todo o ano de dous equipos permanentes,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0JN	<i>Expediente</i> CON/11/2015	<i>Fecha</i> 08-04-16 11:57

cun tempo de resposta mínimo dunha hora, cando ese tempo será de resposta inmediata e como máximo dunha hora.

. PACSA SERVICIOS URBANOS Y DEL MEDIO NATURAL SL: incumpre o artigo 12 do prego técnico ó indicar que todo o persoal terá un tempo de resposta inferior a 1-2 horas cando este tempo de resposta será inmediato, en caso de urxencia, accidente ou emerxencia, e como máximo dunha hora.

Así mesmo, tamén indica que dispoñerán de equipos de reforzo que acudirán nun prazo de 24-48 horas, o que non se axusta o artigo 13 do Prego Técnico que indica que estarán dispoñibles en 12 horas como máximo.

. ASFALTOS VICALVARO SL: incumpre o artigo 12 do prego técnico ó indicar no organigrama do servizo que os tempos de resposta do equipo de urxencias será de 1-2h. cando debe ser inmediato, e como máximo dunha hora.

Así mesmo, indican que o equipo de mantemento ordinario terá un tempo de resposta de 1-12h cando o Prego Técnico di que terá que ser de dúas horas como máximo desde que sexa requirido.

Tamén indican que os equipos de traballo de reforzo terán un tempo de resposta de 24-48h. cando o artigo 13 do Prego Técnico di que deberán dispoñer dun equipo no prazo máximo de 12 horas.

. DIEZ Y COMPAÑIA, SA.: incumpre os requerimentos técnicos do prego que establece que todos os traballos a efectuar polo contratista, realizaranse cos controis municipais que indican os pregos técnico e administrativo e abonaranse de acordo cos prezos e procedementos que figuran neles, ó indicar no apartado de labores de conservación e mantemento ordinario que hai reparacións que a súa realización non implica a comunicación previa ao Concello de Santiago, que só se anotaran para ser obxecto de abono nos termos establecidos no cadro de prezos como "hora de man de obra e maquinaria empregada en traballos de sinalización para partidas non incluídas no Prego" da presente licitación.

Así mesmo, na oferta figura que disporán dun só furgón cunhas dimensións máximas aproximadas de altura 1,95 m., ancho 1,85m., lonxitude 5,10 m e un PMA de 3.500 Kg., non axustándose ao artigo 13 do Prego Técnico, que no seu apartado 13.c) din que se dispoñerá doutro vehículo tipo furgón mais.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0JN	<i>Expediente</i> CON/11/2015	<i>Fecha</i> 08-04-16 11:57

. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA: incumpre o artigo 12 do prego técnico ó indicar que dispoñerán dunha cuadrilla de sinalización horizontal con dedicación parcial, formada por dous oficiais de 1ª, cando este equipo estará formado por un mínimo de tres persoas cando estean pintando en calzada.

. VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIO SA: incumpre o artigo 14 do prego técnico ó non comprometer un almacén dentro do término municipal, sinalando tan só que alugarán unhas oficinas de 50 m2, que en ningún caso poderían reunir a capacidade e condicións necesarias para albergar os equipos, stock, vehículos..., tal como esixe o prego, con repercusión directa nos costes do contrato.

. VALORIZA CONSERVACION DE INFRAESTRUCTURAS SA: incumpre o artigo 14 do prego técnico ó indicar que dispoñerá de almacén e oficinas, cunha superficie de 750 m2, na travesía das Galanas, nº 20, no concello de Teo, cando tería que estar situada dentro do termo municipal de Santiago, con repercusión directa nos costes do contrato e na capacidade de resposta.

. ALVAC SA: incumpre o artigo 10.1 do prego técnico ó indicar, en relación coa sinalización horizontal, que utilizarán pintura alcídica branca, cando debe ser pintura acrílica especial cidade, con repercusión directa na calidade e seguridade e no prezo.

. UTE SEBAGASA/ TEVASEÑAL:: incumpren os requerimentos técnicos do prego, xa que o tipo de aceiro que propón utilizar nos soportes dos sinais de aceiro galvanizado é diferente ao que consta no artigo 10.7.2.1 do prego técnico, así como a tornillería de sustentación dos sinais que serán de aceiro galvanizado e as sinais que serán serigrafiadas, cando o artigo 11.2 do prego técnico esixe que a tornillería utilizada na suxeición dos sinais será de aceiro inoxidable, e que os sinais serán pintados e non serigrafiados, con repercusión directa na calidade e seguridade e no prezo.

. ELSAMEX SA: incumpre o artigo 12 do prego técnico ó indicar que tanto as brigadas de traballo como os equipos de intervención para casos de emerxencia estarán formadas por dous oficiais de 2ª, cando estes oficiais deben ser de 1ª.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ACEINSA MOVILIDAD SA**, que oferta unha baixa do 31% a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios recollidos no prego técnico de aplicación,

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0JN	<i>Expediente</i> CON/11/2015	<i>Fecha</i> 08-04-16 11:57

ata un importe máximo de **416.809,33 euros/ano** (IVE aparte 21%: 87.529,96 euros/ano euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a entrega gratuita ó Concello de bolardos, barreiras de seguridade metálica, sinais informativas e sinais de código, por un importe total de 42.407'40 euros.

Desígnase como responsable do contrato ó xefe de sección de circulación D. Edmundo López Seijo

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13300 22701**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 340.000'00 euros.
Anualidade 2017: 504.339'29 euros.
Anualidade 2018: 504.339'29 euros.
Anualidade 2019: 504.339'29 euros.
Anualidade 2020: 164.339'29 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas seguintes empresas e polos motivos que, así mesmo, se sinalan:

. UTE URBASER, SA/ LICUAS S.A: incumpre o artigo 12 do prego técnico ao indicar no apartado de marcas viarias que van a dispoñer de equipos de persoal e medios para comezar os traballos no prazo de doce horas cando deberían ser dúas horas.

Así mesmo, tamén indican que o equipo de balizamento, bolardos e redutores de velocidade estará formado por dous oficiais de 2ª, cando o prego no seu apartado 12 esixe que sexan oficiais de 1ª.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0JN	<i>Expediente</i> CON/11/2015	<i>Fecha</i> 08-04-16 11:57

. HERBIPLAST SL: Incumpre os artigos 1.8, 5, 6, 12 e 15 do prego técnico, xa que, en canto á programación dos traballos, se comprometen á realización deles coa consideración de urxentes, no prazo máximo de 24h. e o resto do mesmos no prazo máximo de sete días, considerando como iniciación dos traballos o primeiro día laborable da semana seguinte á comunicación por parte da oficina técnica do Concello, propoñendo como día de recollida dos partes de realización dos traballos os venres de cada semana, para comezar os traballos o luns e optimizar os recursos e medios da empresa, garantindo que as actuacións de extrema urxencia se responderán nun prazo menor de dúas horas, as 24 h. do día os 365 días do ano.

. INDUSTRIAS SALUDES SAU: incumpre o artigo 12 do prego técnico ao indicar que para realizar os traballos de sinalización horizontal e vertical, dispoñerán durante todo o ano de dous equipos permanentes, cun tempo de resposta mínimo dunha hora, cando ese tempo será de resposta inmediata e como máximo dunha hora.

. PACSA SERVICIOS URBANOS Y DEL MEDIO NATURAL SL: incumpre o artigo 12 do prego técnico ao indicar que todo o persoal terá un tempo de resposta inferior a 1-2 horas cando este tempo de resposta será inmediato, en caso de urxencia, accidente ou emerxencia, e como máximo dunha hora.

Así mesmo, tamén indica que dispoñerán de equipos de reforzo que acudirán nun prazo de 24-48 horas, o que non se axusta o artigo 13 do Prego Técnico que indica que estarán dispoñibles en 12 horas como máximo.

. ASFALTOS VICALVARO SL: incumpre o artigo 12 do prego técnico ao indicar no organigrama do servizo que os tempos de resposta do equipo de urxencias será de 1-2h. cando debe ser inmediato, e como máximo dunha hora.

Así mesmo, indican que o equipo de mantemento ordinario terá un tempo de resposta de 1-12h cando o Prego Técnico di que terá que ser de dúas horas como máximo desde que sexa requirido.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG10I0JN	CON/11/2015	08-04-16 11:57

Tamén indican que os equipos de traballo de reforzo terán un tempo de resposta de 24-48h. cando o artigo 13 do Prego Técnico di que deberán dispoñer dun equipo no prazo máximo de 12 horas.

. DIEZ Y COMPAÑIA, SA.: incumpre os requirimentos técnicos do prego que establece que todos os traballos a efectuar polo contratista, realizaranse cos controis municipais que indican os pregos técnico e administrativo e abonaranse de acordo cos prezos e procedementos que figuran neles, ó indicar no apartado de labores de conservación e mantemento ordinario que hai reparacións que a súa realización non implica a comunicación previa ao Concello de Santiago, que só se anotaran para ser obxecto de abono nos termos establecidos no cadro de prezos como "hora de man de obra e maquinaria empregada en traballos de sinalización para partidas non incluídas no Prego" da presente licitación.

Así mesmo, na oferta figura que disporán dun só furgón cunhas dimensións máximas aproximadas de altura 1,95 m., ancho 1,85m., lonxitude 5,10 m e un PMA de 3.500 Kg., non axustándose ao artigo 13 do Prego Técnico, que no seu apartado 13.c) din que se dispoñerá doutro vehículo tipo furgón mais.

. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA: incumpre o artigo 12 do prego técnico ao indicar que dispoñerán dunha cuadrilla de sinalización horizontal con dedicación parcial, formada por dous oficiais de 1ª, cando este equipo estará formado por un mínimo de tres persoas cando estean pintando en calzada.

. VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIO SA: incumpre o artigo 14 do prego técnico ao non comprometer un almacén dentro do término municipal, sinalando tan só que alugarán unhas oficinas de 50 m2, que en ningún caso poderían reunir a capacidade e condicións necesarias para albergar os equipos, stock, vehículos..., tal como esixe o prego, con repercusión directa nos costes do contrato.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0JN	<i>Expediente</i> CON/11/2015	<i>Fecha</i> 08-04-16 11:57

. VALORIZA CONSERVACION DE INFRAESTRUCTURAS SA: incumpre o artigo 14 do prego técnico ao indicar que dispoñerá de almacén e oficinas, cunha superficie de 750 m2, na travesía das Galanas, nº 20, no concello de Teo, cando tería que estar situada dentro do termo municipal de Santiago, con repercusión directa nos costes do contrato e na capacidade de resposta.

. ALVAC SA: incumpre o artigo 10.1 do prego técnico ao indicar, en relación coa sinalización horizontal, que utilizarán pintura alcídica branca, cando debe ser pintura acrílica especial cidade, con repercusión directa na calidade e seguridade e no prezo.

. UTE SEBAGASA/ TEVASEÑAL:: incumpren os requirimentos técnicos do prego, xa que o tipo de aceiro que propón utilizar nos soportes dos sinais de aceiro galvanizado é diferente ao que consta no artigo 10.7.2.1 do prego técnico, así como a tornillería de sustentación dos sinais que serán de aceiro galvanizado e as sinais que serán serigrafiadas, cando o artigo 11.2 do prego técnico esixe que a tornillería utilizada na suxeición dos sinais será de aceiro inoxidable, e que os sinais serán pintados e non serigrafiados, con repercusión directa na calidade e seguridade e no prezo.

. ELSAMEX SA: incumpre o artigo 12 do prego técnico ao indicar que tanto as brigadas de traballo como os equipos de intervención para casos de emerxencia estarán formadas por dous oficiais de 2ª, cando estes oficiais deben ser de 1ª.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ACEINSA MOVILIDAD SA**, que oferta unha baixa do 31% a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios recollidos no prego técnico de aplicación, ata un importe máximo de **416.809,33 euros/ano**, (IVE aparte 21%: 87.529,96 euros/ano euros), ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a entrega gratuíta ao Concello de bolardos, barreiras de seguridade metálica, sinais informativas e sinais de código, por un importe total de 42.407'40 euros.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG10I0JN	CON/11/2015	08-04-16 11:57

Designase como responsable do contrato ao xefe de sección de circulación D. Edmundo López Seijo

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13300 22701**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 340.000'00 euros.
Anualidade 2017: 504.339'29 euros.
Anualidade 2018: 504.339'29 euros.
Anualidade 2019: 504.339'29 euros.
Anualidade 2020: 164.339'29 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

